

## “MATEMÁTICAS NA RAIÁ 2025”

### BASES

*Matemáticas na Raia* é un concurso de resolución de problemas por equipos que se desenvolve en Galicia e no Norte de Portugal organizado conxuntamente pola Asociación Galega do Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA) e a Asociación de Profesores de Matemáticas de Portugal (APM).

Esta actividade ten carácter anual e nela poden participar clases completas de 3º ESO en Galicia e 9º Grao en Portugal.

A proba consiste en resolver, en hora e media, cinco problemas e lévase a cabo o mesmo día, á mesma hora e cos mesmos enunciados en Galicia e Portugal.

As *bases* para participar neste concurso son as seguintes:

1. Salvo causas xustificadas, deberá participar na proba, polo menos, **2/3** do alumnado que compón o grupo-clase (non se permiten seleccións de varias clases ou centros escolares).
2. As **inscricións** poderanse realizar **ata o 28 de febreiro** na páxina web da asociación ([www.agapema.org](http://www.agapema.org))
3. A **Fase Rexional** terá lugar o **xoves 13 de marzo de 16:00 a 17:30 horas** e consistirá na resolución de cinco problemas (nun tempo máximo de 90 minutos).
4. Cada clase dará unha **única resposta** a cada problema, xunto coas explicacións de como chegou a ela. A resposta a cada un dos problemas deberá ir en follas separadas.
5. Para cualificar a proba teranse en conta non soamente as solucións senón tamén os **métodos de resolución** empregados.
6. O alumnado poderá dispoñer no momento da proba de calquera tipo de material didáctico (libros de texto, calculadoras, material de debuxo, manipulativo...) a excepción de ordenadores, teléfonos ou calquera dispositivo que permita a **conexión co exterior**.
7. Con cada grupo deberá inscribirse un profesor/a, non necesariamente de matemáticas, que se **compromete a supervisar** a realización da proba noutro centro próximo ao seu lugar de traballo (que non diste máis de 50 km).
8. Na semana anterior á proba, cada profesor recibirá o nome do centro a onde se ten que **desprazar para vixiar**.

9. **Dous días antes** da data de realización da Fase Rexional enviarase un correo electrónico aos centros participantes coas explicacións necesarias e un arquivo cos enunciados dos problemas, que non poderán abrir ata 45 minutos antes da proba , cando reciban a clave de descodificación.
10. O día da proba, na aula correspondente, o profesor vixiante disporá dun listado do grupo no que **asinarán os alumnos presentes**, que deberán identificarse co seu DNI.
11. Ao rematar a proba, as **respostas** introduciranse nun sobre, xunto coa **acta** e o **listado** coas sinaturas. Cada centro enviará os sobres dos seus grupos a nome de **AGAPEMA** ao **APARTADO DE CORREOS 1097** de **Santiago de Compostela, C.P. 15706**.
12. Calquera grupo que mostre un comportamento non adecuado, poderá ser **descualificado** polo profesor vixiante.
13. A **corrección e cualificación** das probas será levada a cabo por membros da AGAPEMA e da APM. As súas resolucións son **inapelables**, serán publicadas nas páxinas web das asociacións e comunicadas aos equipos gañadores. As probas pasarán a ser propiedade da asociación organizadora
14. O grupo gañador de cada país terá como **premio** unha estancia de **fin de semana (24-25 de Maio) en Tui** con tódolos gastos pagados, para eles e os seus profesores para participar nun “ENCONTRO MATEMÁTICO”. Estas xornadas, dedicaranse a actividades lúdico-festivas, onde o alumnado portugués e galego confraternizarán, realizando visitas turísticas e competicións amistosas. O profesorado acompañante de cada un dos grupos, responsabilizarase da vixilancia do seu alumnado durante os tempos de descanso.